



# Información Pacientes

# Botón gástrico



## Consulta Enfermería enfermedades minoritarias

*Esta información vai dirixida tanto ao paciente como ao seu cuidador principal. Fai referencia á necesidade de recibir nutrición enteral por sonda.*



# **1 Como detectar se teño problemas de alimentación?**

**Por favor, reflexiona sobre as seguintes situacións:**

- Existe dificultade para mastigar ou tragar alimentos xa sexan sólidos ou líquidos.
- Hai un rexeitamento á alimentación ou a cantidade consumida é escasa ou inferior á recomendada polo meu médico.
- O meu peso diminuíu estes últimos meses.
- A alimentación actual non me proporciona vitalidade nin boa calidade de vida.
- Non disfruto comendo.
- Tuso ao comer ou beber, vomito ou póño-me de cor azulada e atragoo.
- Tardo en comer máis de 30 minutos en cada comida ou máis de 3 horas ao día.

**Por favor, reflexiona sobre as seguintes situacións:**



- Non gozo de comer ou non teño ganas porque me estresa pensar que podo atragoar.
- As dificultades na alimentación dificultanme realizar outras actividades do meu día a día.
- Non me pode dar de comer ninguén que non sexa o meu cuidador principal. Só ela/el sabe.
- Non podo ir de viaxe ou pasar un día enteiro fóra da casa.
- Considero que non me coido/esforzo se non como pola boca.
- Apenas dispoño de tempo de ocio ou para outras actividades diarias.
- Ás veces dubido de se como suficiente.

**Pode que chegase o momento de considerar a colocación dun dispositivo para a nutrición. A nutrición enteral permite cubrir as necesidades nutricionais do organismo, tanto os requirimentos enerxéticos como de proteínas.**

## 2 Beneficios do inicio de nutrición enteral domiciliaria:

- Permite controlar o aporte nutricional.
- Reduce a tos e sufrimento por atragoamento relacionado coa vía oral.
- Mellora nutricionalmente, mellorando a nivel muscular e a súa vitalidade.
- Optimízase o tempo dedicado á alimentación.
- Facilita a administración de tratamento, controlando cumprimento de posoloxía.
- Pode seguir comendo por boca, o que non tome introdúcese pola sonda.
- O paciente pode realizar as súas actividades habituais incluíndo piscina entre outros.
- Diminúe o tempo das comidas podendo aproveitalo para outras cousas.
- Aseguro as inxestións de auga e alimentos recomendadas: as secrecións respiratorias serán máis fluídas e dificulto a aparición de feridas.
- O dispositivo ten uns coidados básicos de hixiene que pode realizar en casa e cámbiase cada 6 meses.

## 2 Beneficios do inicio de nutrición enteral domiciliaria:

- A colocación é sinxela e se se realiza de forma temperá é un proceso ambulatorio. Valórase cada caso individualmente por se ten que ingresar no hospital.
- Pode seguir comendo por boca, é unha opción para aqueles alimentos que custe tragar polo seu volume ou textura. Pódese limitar o seu uso a alimentos determinados.
- Hai numerosos estudos que demostran os seus beneficios. Para moitos pacientes supón un importante alivio da ansiedade ao limitar as comidas excesivamente traballosas e prolongadas. A maioría dos pacientes que perderan peso conseguían, en varios estudos, estabilizar dita perda.

### Gastrotomía



### Botón gástrico





Practicamente todos os pacientes aos que se entrevista teñen unha visión positiva do botón gástrico, destacando que os beneficios superan aos inconvenientes.

O ofrecemento do botón gástrico non implica necesariamente que o paciente chegase a unha fase avanzada. Máis bien so contrario, é un dos tratamentos dispoñibles para demorar a deterioración. De feito, hai estudos que demostran que a colocación dun botón gástrico é tanto máis útil e seguro canto máis precoz é a colocación. Máis aínda se se emprega antes de que se produzan complicacións da disfagia como infeccións por atragoamento (as chamadas pneumonías por aspiración) ou perda de peso marcada.

# 3


## Coidados do botón gástrico en domicilio



- Tras 8-12h da súa colocación retirarase a vendaxe e valoraranse signos de inflamación. Non se colocará unha nova vendaxe a non ser que exista moito exsudado.
- Ás 24h da súa colocación comezarase a limpar diariamente con auga e xabón facendo movementos circulares sen tirar nin presionar e secarase minuciosamente.
- Todos os días débese rotar 365° para evitar adherencias.
- Manteremos o tapón pechado se non se usa.
- Poderá ducharse ás 48h da súa colocación e realizar baños de menos de 15 minutos cando transcorresen 7 días desde a colocación. Debemos evitar que se macere a zona.
- Se se salise acudirá a un centro próximo o antes posible sen comer nin beber nada.
- Despois de cada comida limpará a sonda con auga e se se obstrúe empregará auga morna.
- Poderá administrar a medicación pola sonda disolta en auga ou en forma de xarope.
- A revisión do balón farase mensualmente, baleirando o balón e enchéndoo de novo con auga estéril.



# 3 Cuidados do botón gástrico en domicilio II



## Cuidados do estoma



- Limpade diariamente a zona arredor do botón con auga morna, xabón, esponxa ou gasa, con movementos circulares de dentro cara á fóra.
- Secade minuciosamente a zona. Pode ser útil usar un bastoncillo de algodón.
- Comprobade que a zona arredor do botón non estea vermella ou inflamada. Se se detecta algunha complicación, contactade coa Consulta de Enfermería.



# 4

## Formación



Formación ▾ Calidad de Vida ▾ Investigación ▾ Colabora ▾ Ayudas a la Investigación

PROGRAMA DE FORMACIÓN

### EscuELA



Estos **cursos de formación online** están dirigidos a los enfermos de ELA, a sus familiares y a sus cuidadores. En ellos encontrarán las herramientas necesarias para mejorar la **calidad de vida** de los pacientes a lo largo de su enfermedad.

[QUIERO ACCEDER](#)

# 5 Cando consultar



Póñase en contacto coa Consulta de Enfermería nos seguintes casos:

- **Se hai un aumento da drenaxe proveniente do estoma e parece que o botón estea frouxo.**
- **Se o botón se obstrúe.**
- **Se o botón se desprende.**
- **Se presenta lesión a pel circundante.**

Ante calquera destas incidencias chame á consulta de enfermería, de luns a venres de 08:00 a 09:00 h, ou de 14:00 a 15:00 h

**Teléfono**



**986 82 53 21**

En horarios de tarde, noite, ou fins de semana / festivos, acudir ao PAC.